

1º de ESO Criterios de cualificación

A materia está dividida en 3 avaliacións.

Os pesos para o cálculo da nota final en cada avaliación estarán representados por:

70% probas escritas

30% táboas de indicadores

En canto ás probas escritas, en cada avaliación realizaranse dúas; unha a mediados da avaliación, cun peso do 35% e outra ao final, cun peso do 65%, xa que abranguerá tanto os contidos avaliados na primeira proba como os restantes traballados no trimestre.

O outro 30%, vén definido polos criterios de avaliación pertencentes ao Bloque 1 que se recollen nas táboas de indicadores e algúns dos contidos teóricos avaliados mediante probas escritas. Estes criterios de avaliación, estarán asociados a distintas rúbricas e listas de cotexo que se analizarán en distintos procedementos de avaliación ao longo de todas as unidades:

- Prácticas de laboratorio e saídas didácticas
- Traballos en parella ou grupo (ex: análise e presentación da noticia científica)
- Caderno de aula
- Fichas de actividades varias

Se a nota final da avaliación é igual ou superior a 5, a avaliación está superada.

A nota final da materia será calculada como a media aritmética das notas das tres avaliacións parciais. Se a nota final é igual ou superior a 5 (previo redondeo), a materia está aprobada.

Para expresar as notas das avaliacións e a nota final da materia mediante enteiros, redondearase ao enteiro superior a partir do decimal $_7$.

* Criterios de recuperación

No caso da primeira e segunda avaliación, a aquel alumnado que non acade unha nota mínima de 5 realizaráselle unha proba escrita de recuperación, baseada nos criterios mínimos de aceptación das unidades asociadas a esa avaliación.

Se a nota final da materia (considerando as recuperacións da primeira e segunda avaliación, se é o caso) é inferior a 5, a/o alumna/o terá a oportunidade de facer unha proba final escrita. Esta proba estará baseada nos criterios mínimos de aceptación das unidades asociadas á avaliación suspensa, no caso de ser unha, ou a os contidos de todas as unidades traballadas no curso, no caso de ser dúas ou as tres. A materia estará superada se a nota é igual ou superior a 5.